

Tema 3. AS REVOLUCIÓNS LIBERAIS

1. ABSOLUTISMO E LIBERALISMO: FUNDAMENTOS TEÓRICOS

1.1. O PODER POLÍTICO NO ANTIGO RÉXIME

1.1.1. O absolutismo monárquico

- Poder ilimitado do rei → O poder procede de Deus.
- Proceso de acumulación de poder ao longo do Antigo Réxime.
- Límites ao poder real
 - Diversidade xurídica e administrativa dos territorios (Monarquías compostas).
 - Poder señorial e xurisdiccional de nobreza e Igrexa.
 - Cargos públicos e militares en mans da nobreza.
 - Resistencia dos poderes locais ás demandas do goberno central: señores e concellos.
 - Falta de control eficaz sobre o territorio.
 - Poderes intermedios: asembleas (Cortes, Parlamentos, Estados Xerais).
- Individuo supeditado aos intereses do Estado sen liberdades nin dereitos (súbditos).
- Intolerancia relixiosa.
- Censura.
- Non hai dereitos para a persoa detida.

Teóricos do absolutismo

- **BODIN** (1530-96)
 - Monarquía absoluta (non é un poder arbitrario).
 - Control do poder do rei por órganos intermedios: consellos, ministros, secretarios e asembleas de representación do pobo (Estados Xerais, Cortes, Dietas).
- **HOBBS** (1588-1679)
 - A sociedade nace por un pacto e o Estado por un contrato político.
 - O estado de natureza é de continuo conflito (o home é un lobo para o home) ⇒ Cada individuo renuncia á súa liberdade e cede o poder a un soberano que garanta a paz: Monarquía absoluta.
- **BOSSUET** (1627-1704)
 - O poder do rei procede directamente de Deus e é o executor da vontade divina.
 - Poder real ilimitado e sagrado.

Despotismo Ilustrado

- S.XVIII: Política de reformas ilustradas dentro das monarquías absolutas ⇒ Intereses sociais.
- Federico II de Prusia, Catalina II de Rusia, Xosé II de Austria, Carlos III de España.

1.1.2. O parlamentarismo inglés

- **Parlamento** de 2 cámaras: lores e comúns.
 - Marxinación polo absolutismo dos Estuardo ⇒ A burguesía reclama a supremacía da lei.
 - 1628: Carlos I acepta a **PETICIÓN DE DEREITOS** (os impostos deben ser votados no Parlamento).
- Problemas relixiosos: anglicanismo / puritanismo / catolicismo.
- Guerra Civil (1642-48): realistas contra parlamentarios (**Cromwell**) ⇒ **1ª REVOLUCIÓN INGLESA**
 - Vitoria parlamentaria.
 - Decapitación de Carlos I ⇒ Proclamación da República (*Commonwealth*).
- Ditadura persoal de Cromwell.
- 1660: Restauración da monarquía Estuardo con Carlos II (1660-1685).
 - 1679: **HABEAS CORPUS ACT**: prohibición de detencións arbitrarias, protección da liberdade persoal e inviolabilidade de domicilio.
- Xacobe II (1685-1688): política absolutista e reinstauración do catolicismo
 - ⇒ Reacción do Parlamento: 1688 ⇒ **2ª REVOLUCIÓN INGLESA**
 - 1689: Guillerme III reconece a superioridade do Parlamento.
 - **BILL OF RIGHTS (1689)**:
 - Supremacía do Parlamento.
 - Liberdade de imprenta.
 - Defensa da propiedade privada.
 - División de poderes: monarquía parlamentaria.

1.2. LIBERALISMO

1.2.1. As orixes

➤ Contexto da Revolución Inglesa ⇒ **J. LOCKE (1632-1704)**

- A **propiedade** é un **dereito natural** que garante a liberdade.
 - O traballo e o diñeiro crean desigualdades lexítimas (→ base do capitalismo).
- Os homes pasan do estado de natureza á sociedade civil por un pacto para protexer os seus dereitos e conservar a propiedade (1º pacto) ⇒ 2º pacto: creación da autoridade política (xuíz imparcial entre os intereses individuais).
- Separación de poderes: LEXISLATIVO → Asemblea elixida polos propietarios renovada con frecuencia.
 - EXECUTIVO (inclúe o xudicial) → Monarca e ministros.
 - FEDERATIVO → Relacións internacionais (monarca).
- Lexitimación do Parlamento para destituir ao rei → O poder é consecuencia dun pacto entre cidadáns, non é divino.
- Defensa do dereito de resistencia contra o poder.

A ILUSTRACIÓN

- Ilustración = luz da razón → racionalismo.
- Mellora da sociedade por medio da **RAZÓN** ⇒ Confianza na razón e no progreso.
- Crítica e revisión do sistema de valores do Antigo Réxime.
- Autonomía do poder civil.
- Importancia da educación
- Progreso da ciencia experimental → empirismo: Newton, Locke (Gran Bretaña).
- Francia → **PHILOSOPHES**
 - Poder da razón.
 - Crítica aos privilexios e aos abusos.
- Valoración do traballo.
- Crítica ao absolutismo, ao poder da aristocracia, á credulidade relixiosa e á moral tradicional
- Defensa dos dereitos naturais do home (garantidos na Constitución).
- Virtudes: tolerancia, filantropía, humanitarismo.
- Necesidade de humanizar a xustiza: **BECCARIA (1738-94)**
 - Abolición da tortura.
 - Protección da seguridade persoal.
- Coñecemento de sociedades distintas á occidental ⇒ RELATIVISMO MORAL → tolerancia.
- Racionalización ⇒ RELIXIÓN NATURAL (DEÍSMO: un Deus creador que non participa nos asuntos humanos)
- Publicación en Francia da **ENCICLOPEDIA** por **DIDEROT (1713-84)** e **D'ALEMBERT (1717-83)**.
 - Rexeitamento da autoridade e da tradición en nome do progreso.
 - Defensa da tolerancia e do avance científico e técnico.

➤ **MONTESQUIEU**, Charles de Secondat (1689-1755)

- As leis e dereitos non son universais ⇒ Necesidade de adaptación segundo as circunstancias de cada pobo.
- Na Historia distingue dous modelos de formas de goberno:

- Despóticas
 - domina o medo: monarquía absoluta.
 - útiles para países extensos (Imperio ruso).
- Moderadas
 - Republicanas: virtude e igualdade.
 - Monárquicas: honor (limitadas por corpos intermedios: nobreza e clero).

- División de poderes (modelo inglés):

- LEXISLATIVO: 2 cámaras
 - Cámara Baixa: burguesía e nobreza provincial.
 - Cámara Alta: nobreza alta, hereditaria.
- EXECUTIVO: rei e ministros
 - capacidade de veto do rei
 - o Parlamento controla ao rei, confirma ministros e aproba impostos.
- XUDICIAL: tribunais → control popular polo xurado.



Control recíproco entre poderes ⇒ garante da liberdade.

- Non loita contra o sistema → defende un “liberalismo aristocrático” (gobierno dos mellor preparados).

➤ **VOLTAIRE (1694-1778)**

- Crítica á relixión tradicional, ao fanatismo e á superstición → DEÍSMO.
- Crítica ao absolutismo
 - Partidario dunha monarquía con participación aristocrática e burguesa.
 - Rexeita o igualitarismo.
- Estudio global da sociedade: economía, cultura, civilizacións extraeuropeas.
- Partidario da tolerancia e das liberdades civís:
 - Fin das detencións arbitrarias.
 - Supresión da tortura e da pena de morte.

➤ **ROUSSEAU (1712-1778)**

- O estado de natureza é perfecto e nel reina a bondade humana.
 - No estado de natureza o home é bo porque é libre e igual.
 - Deseo de propiedade ⇒ fin da igualdade e da liberdade.

→ Civilización ≠ a progreso moral e cultural.

- ↳ { Tendencia á decadencia moral e ás desigualdades.
Necesidade da EDUCACIÓN.

- **CONTRATO SOCIAL**: Acordo para crear un corpo social que protexa ao individuo dos intereses particulares.

→ Home = **CIDADÁN** libre e soberano.

→ Democracia directa en pequenas comunidades.

→ Necesidade de representación en Estados grandes → controlada polos electores.

- As leis nacen da **VONTADE XERAL** e garanten a liberdade e a igualdade.

↳ Renuncia dos intereses de cada un como individuo a favor dos intereses sociais do ben común.

↳ Vontade xeral ≠ vontade de todos porque cada un vota o que é mellor para a sociedade, non o que é mellor para el.

- República ideal: pequena, autárquica, formada por pequenos propietarios, con propiedade individual pero moderada.

➤ **A. SMITH** (1723-1790)

- Interese individual motor das actividades económicas.

- Libre xogo da oferta e a demanda (*man invisible* do mercado).

- Non intervencionismo estatal en economía.

1.2.2. Principios políticos

- Liberdades e dereitos individuais:
 - Liberdade de pensamento, asociación, culto, residencia, reunión, mercado, traballo...
 - Propiedade.
- Igualdade xurídica → Pero hai distinción entre dereitos civís (todos) e dereitos políticos (propietarios).
- Soberanía nacional e soberanía popular.
- Representación política e dereito de voto.
- Separación de poderes.

⇒ División dos liberalismo en 2 tendencias:

- Doutrinario (soberanía nacional e sufraxio restrinxido).
- Democrático (soberanía popular e sufraxio universal).

1.2.3. Institucións políticas

- Estado liberal de Dereito ⇒ Institucións sometidas ás leis que garantan os dereitos individuais.
- Parlamentos ou Cámaras representativas (sistema bicameral –Cámara alta e baixa-/sistema unicameral).
- Constitucións escritas e declaracións de dereitos.
- Estado-nación ⇒ Diferentes modelos:
 - Monarquía constitucional.
 - Monarquía parlamentaria.
 - República presidencialista.
 - República parlamentaria.

⇒ Organización territorial:

- Estado unitario.
- Estado federal.

2. A REVOLUCIÓN LIBERAL (1776-1814)

2.1. INDEPENDENCIA E REVOLUCIÓN EN ESTADOS UNIDOS

- 13 colonias de Norteamérica:

- Goberno { - Gobernador (representante da monarquía británica).
- ↳ - Asembleas (parlamentos elixidos).

→ Non hai sociedade estamental.

- Presión británica sobre as colonias {

- Centralismo.
- Protección das compañías británicas.
- Presión fiscal.

- Protestas ⇒ Defensa do desenvolvemento das clases medias que perden oportunidades coa política británica.

- 1765: **STAMP ACT** (Lei do Timbre) sobre xornais, libros e documentos xurídicos.
- 1767: **TOWNSEND ACTS** sobre a importación de determinados produtos.

⇒ Os cidadáns piden o dereito a aprobar impostos no Parlamento.

↳ O goberno británico mantén o imposto sobre o té ⇒ Protestas violentas: **MOTÍN DO TÉ** (Boston).

- 1774: **INTOLERABLE ACTS**:

- ✗ Supresión da Asemblea de Massachusets.
- ✗ Sancións a Boston.
- ✗ O exército pode entrar nos domicilios.
- ✗ Xuízos dos disidentes en Londres.

- 1774: Convocatoria dun Congreso Continental (Filadelfia).

↳ Solicitude de restauración de liberdades.

- 1776: Ruptura coa Coroa británica e opción independentista.

↳ **DECLARACIÓN DE DEREITOS DE VIRXINIA** (12 xuño):

- Os homes son libres e independentes por natureza.
- Dereitos naturais: vida, liberdade, propiedade, felicidade, seguridade.
- O poder reside no pobo e os maxistrados son os seus representantes.
- Dereito do pobo á rebelión contra gobernos ilexítimos.
- Separación de poderes: executivo, lexislativo (renovados por eleccións frecuentes) e xudicial.
- Dereitos de *Habeas corpus*: prohibición de detencións arbitrarias, presunción de inocencia, dereito a un xuízo rápido e a un xurado imparcial.
- Dereito do pobo a ser consultado na aprobación de impostos.
- Supresión de oficios públicos hereditarios.
- Liberdade de imprenta.
- Tolerancia relixiosa (herencia puritana).

- 4 xullo 1776: **DECLARACIÓN DE INDEPENDENCIA** (T. Jefferson)

↳ Lexitimación da rebelión por considerar tiránico ao goberno británico.

↳ Igualdade entre os homes.

↳ Soberanía popular.

- 1775-1783: **GUERRA DE INDEPENDENCIA**

- 1781: Os 13 Estados aproban a **CONFEDERACIÓN** → *ARTICLES OF CONFEDERATION*:

↳ Lexislativo unicameral de escasas competencias.

↳ Non existe un executivo común.

- #s { FEDERALISTAS: burguesía comercial e de negocios → Queren unha federación con forte poder central.
ANTIFEDERALISTAS: campesiños e pequena burguesía urbana → Ven no poder central a repetición dun goberno opresor e a ameaza contra as liberdades dos Estados.

- **1787: CONSTITUCIÓN** de consenso:

✓ Poder executivo: Presidente (sufraxio indirecto cada 4 anos).

↳ Controla ao lexislativo por veto.

↳ Amplos poderes: nomeamento dos secretarios de Estado, mando supremo do exército, dereito a veto.

↳ Controla ao xudicial polo nomeamento do Tribunal Supremo.

✓ Poder lexislativo: Congreso e Senado (cámara de representación territorial).

↳ Iniciativa lexislativa.

↳ Control do executivo e xudicial ratificando nomeamentos.

↳ Aprobación de impostos e orzamentos.

✓ Poder xudicial: Xuíces e Tribunais co control do xurado.

↳ O Tribunal Supremo (9 xuíces) dictamina se as leis son conformes á Constitución.

2.2. A REVOLUCIÓN FRANCESA

2.2.1. Factores desencadeantes

a) TENSIÓN SOCIAL E DESCONTENTO BURGUEÉS

- Estrutura estamental de orixe feudal.

- Nobreza → Privilexios hereditarios con diferenzas

- Alta nobreza de Corte.
- Nobreza provinciana.
- Nobreza dos parlamentos.

→ Recursos: rendas da terra, dereitos sociais e servizos ao Estado.

↳ Tamén negocios mercantís, minería e incipiente industria.

→ Crecente oposición: - do Terceiro Estado pola súa inutilidade social.

- dáse unha “Reacción aristocrática” fronte aos ennobreceamentos por compra.

- Recuperación dos dereitos feudais → “Reacción señorial”

- Clero → Diferenzas entre alto e baixo clero.

→ Ingresos: décimos, terras.

→ Aliados da monarquía absoluta (ata 1787 que se decreta a tolerancia relixiosa).

→ Ilustración: desmitificación do dogma ⇒ descenso das vocacións.

→ Utilidade en educación, sanidade, beneficencia e rexistro parroquial.

- Terceiro Estado → Burguesía, campesiños e *menu peuple* (artesáns, tendeiros, asalariados, criados).

→ Diferentes preocupacións:

- burguesía mercantil e de negocios ⇒ ideal de nobreza.

- burguesía togada e profesións liberais ⇒ acceso libre e por méritos aos oficios públicos.

- campesiños ⇒ vítimas do descenso de ingresos e a “reacción señorial”.

- *menu peuple* ⇒ menor poder adquisitivo (crise económica e encarecemento dos alimentos).
- Descontento urbano: motíns contra acaparadores.

b) CRISES DE SUBSISTENCIA E DIFICULTADES ECONÓMICAS

- Estrutura económica propia do Antigo Réxime ⇒ crises de subsistencias.
- Escaseza de alimentos ⇒ revoltas e motíns.
↳ 1789: Subida do prezo do pan.
- Sector industrial e comercial → Escasas innovacións no interior.
→ Dominio británico na importación de manufacturas.

c) CREBA FINANCEIRA DO ESTADO por

- gastos excesivos (guerra, débeda pública, Corte).
- reparto de impostos desigual.
- deficitario sistema de recadación.



Necesidade de suprimir os privilexios fiscais.

d) A ILUSTRACIÓN

- Difusión do pensamento ilustrado nos clubs, sociedades e loxias masónicas.
- Influencia da independencia norteamericana.

e) INSUFICIENTE RESPONSA POLÍTICA

- Intentos de reformar o sistema impositivo ⇒ Reacción dos grupos privilexiados.
• Turgot, Calonne e Brienne propoñen que os privilexiados paguen impostos ⇒ Propostas rexeitadas polo rei.

2.2.2. Dos Estados Xerais á Asemblea Nacional (1789)

- Convocatoria dos Estados Xerais esixida polos privilexiados

↳ Negativa de Luis XVI ⇒ **REVOLTA DOS PRIVILEXIADOS**

↳ Motíns desde 1787.

↳ **CONVOCATORIA DE ESTADOS XERAIS** polo rei.

- Redacción dos *Cahiers de doléances* (**Cadernos de Queixas**) coas peticións de cada estamento.
- Discusión nos Estados Xerais sobre o voto ⇒ Petición do 3º Estado de voto por cabeza non por estamento.
↳ Separación do 3º Estado ⇒ **ASEMBLEA NACIONAL**.

1789

- Xuramento do Xogo da Pelota ⇒ **REVOLTA BURGUESA**

↳ **ASEMBLEA NACIONAL CONSTITUINTE** (27 Xuño) → Principio de monarquía constitucional.

- Transformación liberal-burguesa de signo moderado → Conciliación aristocracia-alta burguesía.

- Paralela **REVOLTA POPULAR**

↳ Causas: - malas colleitas no campo.

- rumores nos centros urbanos ⇒ fame e medo.

↳ **14 Xullo**: Insurrección en París → O pobo busca armas por temor a un golpe contrarrevolucionario do rei.

↳ Asalto aos Inválidos e á Bastilla.

↳ Creación da Garda Nacional (La Fayette)

↳ Revoltas por distintas rexións de Francia ⇒ “Gran Medo” (*Grande Peur*)

- Os campesiños organízanse en grupos armados polo rumor de que os aristócratas reclutan bandidos.
- Incendio dos castelos cos rexistros de rendas e dereitos feudais.

- 4 Agosto 1789: **DECRETO DE ABOLICIÓN DO RÉXIME FEUDAL**:

- * Abolición de dereitos señoriais: prestacións persoais, impostos...
- * Supresión de xurisdicións señoriais (fin da xustiza señorial).
- * Prohibición da venalidade de oficios públicos.
- * Abolición do décimo sen indemnización.
- * Supresión dos monopolios señoriais.

- 26 Agosto 1789: **DECLARACIÓN UNIVERSAL DE DEREITOS DO HOME E DO CIDADÁN**:

- Os homes nacen e permanecen libres e iguais en dereitos.
- Dereitos inalienables do home: a liberdade, a propiedade, a seguridade e a resistencia á opresión.
- A soberanía reside na Nación.
- A lei é expresión da vontade xeral → Os cidadáns participan a través dos seus representantes.
- Os cidadáns son iguais ante a lei e para ocupar cargos e empregos públicos segundo a súa capacidade.
- Liberdade de expresión, pensamento e relixión.
- Dereito á propiedade, agás en caso de utilidade pública (con indemnización).
- Seguridade persoal dos cidadáns: presunción de inocencia, rexeitamento de detencións arbitrarias, prohibición da tortura.

- **NACIONALIZACIÓN** dos bens do clero, da Coroa e dos nobres fuxidos.

- Emisión de **ASIGNADOS** (bonos que se utilizarían para pagar a débeda do Estado).

- Reorganización administrativa ⇒ Racionalización das demarcacións territoriais e xudiciais.
- ↳ **DEPARTAMENTOS** (83): circunscrición electoral, administración xudicial, fiscal, militar e relixiosa.

1790

↳ Uniformidade e igualdade.

- Supresión do clero regular → Xustificación: inutilidade social.

- **CONSTITUCIÓN CIVIL DO CLERO:** ⇒ División Xuramentados/Refractarios

↳ Asimilación da administración eclesiástica á civil ⇒ funcionarios do Estado.

↳ Elección popular dos cargos eclesiásticos.

1791

- **LEI ALLARDE:** - Supresión de corporacións e gremios e dos seus monopolios e recortes á liberdade.

- Prohibición de asociacións, tanto de traballadores como de patronos.

- **LEI LE CHAPELLIER** - Liberdade de traballo e libre contratación.

- Prohibición da folga.

2.2.3. Monarquía constitucional (1791-1792)

- **CONSTITUCIÓN DE 1791:**

- ♦ Abolición de privilexios por nacemento, corporacións profesionais (gremios) e votos relixiosos.
- ♦ Soberanía nacional e supremacía da lei.
- ♦ Poder Executivo: no rei como primeiro funcionario do Estado → autoridade supeditada á lei.
 - O rei non é responsable ante o Parlamento. O responsable é o ministro que refrenda esas decisións.
 - As declaracións de paz ou de guerra serán sancionadas polo Parlamento.
- ♦ Poder lexislativo: **ASEMBLEA NACIONAL** unicameral.

↳ Representante da soberanía nacional.

↳ Iniciativa lexislativa.

↳ Decisións presupostarias inapelables.

↳ Dereito de VETO suspensivo do rei (por 2 lexislaturas = 4 anos).

♦ Sufraxio censitario: dereito a voto dos cidadáns maiores de 25 anos que paguen impostos equivalentes a 3 días de xornal (para ser elexible aumenta o mínimo a 52 días de xornal).

↳ Diferenza * **CIDADÁNS PASIVOS** → dereitos civís.

 * **CIDADÁNS ACTIVOS** → dereitos políticos.

♦ Poder xudicial: - Xuíces electivos e xurados de cidadáns activos.

1791-1792 ASEMBLEA LEXISLATIVA

- Problemas internos e externos → Guerra contra potencias absolutistas.

- División dos revolucionarios: Asemblea

{	Independentes (Chaira)
	- XIRONDINOS → moderados con apoio burgués
	- CORDOEIROS → republicanos
	- XACOBINOS (Montaña) → republicanos radicais e apoio popular

- Xuño 1791: Noite de Varennes ⇒ Última fuxida de Luis XVI e familia onde é detido.

- 10 agosto 1791: Insurrección popular (Robespierre, Marat) ⇒ **COMUNA**.

2.2.4. A I República francesa (1792-1804)

1792-1795

↳ **CONVENCIÓN XIRONDINA** → Abolición da Monarquía.

→ Sublevación da Vendée (1793).

→ Comités de Seguridade Xeral e de Salvación Pública (Danton).

↳ **CONVENCIÓN MONTAÑESA** → Medidas favorables ao pobo: control de prezos do pan.

→ Alianza cos *sans-culottes*.

→ **CONSTITUCIÓN** (1793):

- Soberanía popular.
- Sufraxio universal.
- A propiedade depende do interese público.
- Ensino gratuito e obrigatorio.

→ Goberno: - Comité de Salvación Pública.

- Comité de Seguridade Xeral.

↳ Outubro **1793: TERROR (Robespierre)** → Suspensión de dereitos e da Constitución.

→ Tribunal revolucionario.

→ Control das provincias.

→ Intervencionismo económico: prezos e salarios.

→ Servizo militar.

→ Novo calendario.

↳ Reacción moderada → **CONVENCIÓN TERMIDORIANA** (1794-95).

1795

CONSTITUCIÓN ⇒ **DIRECTORIO**

}

- Lexislativo bicameral: - Consello dos 500 Sufraxio censitario indirecto
 - Consello de Anciáns
- Executivo: Directorio (5) nomeado polo Cons. Anciáns sobre lista elaborada polo Cons. dos 500.
- Sublevacións dos *sans culottes* → Reprimidas por Napoleón Bonaparte.
- 1795-96: *Conxura dos Iguais* (Babeuf) → Comunismo primitivo.
- Éxitos militares contra a coalición absolutista e creación de “Repúblicas Irmás”.
- A burguesía apoia un goberno forte que consolide a revolución no interior e venza no exterior.
- 1799: GOLPE DE ESTADO de NAPOLEÓN BONAPARTE ⇒ Detención de opositores.
- **CONSULADO** (3 cónsules) → Poder da oligarquía burguesa.
- **CONSTITUCIÓN**
 - Non hai declaración de dereitos.
 - Sufraxio indirecto, non secreto, con listas de notables.
 - Control do Senado: elección dos Cónsules, do Tribunado e do Lexislativo.
 - Poder lexislativo real no 1º Cónsul (Napoleón).
- NAPOLEÓN
 - Negociación cos borbónicos.
 - Persecución da esquerda.
 - Concordato co Vaticano.
 - Posta en práctica dos logros revolucionarios
 - ↳ - Centralización.
 - Uniformización da xustiza.
 - Sistema fiscal.
 - Código Civil.
 - Intervencionismo económico.
- 1799-1802: Guerra contra a coalición absolutista
 - Paz de Luneville con Austria (1801)
 - Paz de Amiens con Gran Bretaña (1802)

1799

2.2.5. O Imperio napoleónico (1804-1815)

- Napoleón 1º Cónsul ⇒ **IMPERIO**.
- Guerra con Gran Bretaña* 1805: Trafalgar → Vitoria de Gran Bretaña fronte a Francia e España.
 - * 1806-1807: Bloqueo continental.
- Vitorias contra Austria (Austerlitz) → O Imperio francés anexiona Dalmacia, Istria, Venecia, Tirol.
- Xosé Bonaparte rei de Nápoles.
- 1806- Confederación do Rhin (Estados aliados de Francia).
- Prusia e Rusia declaran a guerra a Francia → Vitorias francesas ⇒ Paz de TILSIT (1807).
 - ↳ Prusia e Rusia deben sumarse ao bloqueo.
 - ↳ Perden territorios que quedan baixo influencia francesa.
- 1808: Guerra da Independencia en España.
- 1812: Francia invade Rusia → Vitorias iniciais francesas ata o inverno.
 - ↳ Coalición (7ª): Gran Bretaña, Rusia, Prusia, Austria, Suecia.
 - ↳ Derrota de Francia en Leipzig (**Batalla das Nacións**, 1813).
- 1814
 - * Fernando VII recupera o trono en España.
 - * Tratado de París → Restauración borbónica en Francia con LUIS XVIII.
 - Fronteiras de 1792.
 - Napoleón confinado en Elba.
- Regreso de Napoleón a París: **IMPERIO DOS 100 DÍAS**.
 - ↳ 1815: **WATERLOO** → Derrota definitiva
- 2º Tratado de París → Perda de territorios e reparacións de guerra.
 - Napoleón desterrado a Santa Helena.

2.3. A REVOLUCIÓN LIBERAL ESPAÑOLA

- 1807: O goberno español acepta o paso de tropas francesas ⇒ 1808: Invasión francesa
- 1808: MOTÍN DE ARANJUEZ → Golpe de Fernando VII contra o seu pai Carlos IV.
 - ↳ Abdicación de Baiona ⇒ Renuncia dos monarcas españois a favor de Napoleón.
 - ↳ **Xosé I** Bonaparte rei de España ⇒ Reacción e guerra (bandos: afrancesados/patriotas).
 - ⇒ Xuntas de defensa.
- 1810: CORTES DE CÁDIZ ⇒ **CONSTITUCIÓN de 1812**
 - * Soberanía nacional.
 - * Igualdade de dereitos e liberdades individuais.
 - * Separación de poderes.
 - * Supresión de señoríos.
 - * Supresión da Inquisición
- 1814: Derrota francesa e restauración do absolutismo con **Fernando VII**.
- Colonias americanas
 - Creación das súas propias Xuntas de defensa (autogoberno).
 - Comezo das loitas independentistas.

3. RESTAURACIÓN ABSOLUTISTA E ONDAS REVOLUCIONARIAS LIBERAIAS (1815-1848)

3.1. A RESTAURACIÓN ABSOLUTISTA

- 1814-15: Supresión das reformas revolucionarias ⇒ RESTAURACIÓN
- Bases do goberno:
 - **Absolutismo**: orixe divina do poder e incapacidade do pobo para gobernar.
 - **Lexitimismo**: poder absoluto dun rei de dinastía antiga.
 - **Equilibrio**: control da orde internacional polas grandes potencias.
 - **Intervencionismo**: fronte aos movementos revolucionarios por solidariedade.
- **1814-15: CONGRESO DE VIENA** ⇒ Austria, Prusia, Gran Bretaña, Francia.
 - * Restaurar os monarcas absolutos.
 - * Equilibrio entre potencias e control de Francia.
 - * Cambios territoriais: creación dos Países Baixos, Confederación Helvética, Confederación Xermánica.
 - ↳ Futuros problemas nacionalistas (diferentes linguas, relixións, etnias).
- 1815: **SANTA ALIANZA** ⇒ Austria, Rusia, Prusia ⇒ Defensa do absolutismo contra o liberalismo.
- 1815-1822: CONGRESOS controlados polas potencias absolutistas.

3.2. AS REVOLUCIÓNS DE 1820, 1830 E 1848

- Obxectivo común: transformar a sociedade e a estrutura do Estado segundo os principios liberais.
- 2 tipos de causas: → puntuais (contra algunha medida concreta, crises, etc.).
 - estruturais (cambio de sistema con reformas representativas e constitucionais).
- Efecto de contaxio e reacción do absolutismo.

3.2.1. As revolucións de 1820

- **España**: - Pronunciamento militar que inicia o proceso.
 - Esixencia de Constitución e do fin do Antigo Réxime
- } Trienio Liberal (1820-1823)
- Intentos de revolución liberal: Nápoles, Sicilia, Piemonte, Portugal, Rusia.
- Unión Liberalismo+Nacionalismo ⇒ Independencias: **Grecia, Hispanoamérica**.
- Importancia das sociedades secretas de ideoloxía liberal.
- Papel decisivo do exército (levantamento/represión).

3.2.2. As revolucións de 1830

- “*Xornadas Revolucionarias*” que só triunfan en Francia e Bélxica.
- **Francia**: Insurrección contra as medidas autoritarias de Carlos X ⇒ 3 *xornadas gloriosas*
 - ↳ As “4 Ordenanzas”: fin da liberdade de prensa, disolución das Cámaras, goberno por decretos, restrición da base electoral.
 - Os monárquicos constitucionais ofertan o trono a LUIS FILIPE DE ORLEÁNS.
 - ↳ Temen que lles sobrepenen as masas e o republicanismo.
 - Elección do Parlamento ⇒ Vontade da Nación
 - Aceptación da Soberanía nacional.
 - Eliminación da censura.
 - Mantemento do sufraxio censitario.
- **Bélxica** → 1815: Reino dos Países Baixos con Holanda.
 - Diferenzas con Holanda: lingüísticas, sociais, económicas, políticas, relixiosas.
 - Proceso revolucionario ⇒ Goberno independente, monárquico e constitucional.
 - 1831: CONSTITUCIÓN BELGA → Modelo de Constitución liberal clásica.
- **Polonia** → Dividida entre Prusia e Rusia (autonomía).
 - Levantamento liberal por influencia francesa ⇒ Proclamación de independencia.
 - 1831: Represión rusa ⇒ Disolución da Dieta, peche de universidades, exilios, rusificación.
 - Insurrección dunha minoría: intelectuais, funcionarios, nobres empobrecidos.
 - ↳ Non participan: campesiños, obreiros, terratenentes.
- **Imperio** → Austria e Prusia paran os movementos liberais.

3.2.3. As revolucións de 1848

- Maior participación das masas populares ⇒ Conciencia de clase no proletariado.
- **Suíza** → Enfrontamento entre cantóns católicos federalistas e protestantes unitarios ⇒ Constitución modelo EEUU.
- **Francia** → Prohibición dos *banquetes* contrarios a Guizot → Pasividade da Garda Nacional → Barricadas.
 - Abdicación de Luis Filipe e proclamación da **II REPÚBLICA**.
 - Goberno provisional de liberais e socialistas ⇒ Reformas:

- * Sufraxio universal.
- * Abolición da escravitude nas colonias.
- * Liberdade de prensa e de reunión.
- * Xornada laboral de 10 horas.
- * Dereito de folga.
- * Creación dos Talleres Nacionais (plan substituído na práctica por un seguro de desemprego).
- Eleccións ⇒ Poder da burguesía → Política moderada que rompe a alianza coas clases traballadoras.
- 1849: Eleccións a presidente da República → LUIS NAPOLEÓN BONAPARTE
- 1851: Golpe de Estado ⇒ **1852: II IMPERIO (NAPOLEÓN III).**

↳ Paso dunha República social a un réxime autoritario e monárquico.

- Reivindicacións nacionalistas ⇒ **1848: primavera dos pobos.**
- **Prusia** → Eleccións (sufraxio universal) dun Parlamento que elabore unha constitución federal para Alemaña.
 - ↳ O kaiser non acepta esa Constitución e o Parlamento disólvese.
- **Austria** → Levantamento en Viena ⇒ Destitución de Metternich e abdicación do Emperador en Francisco Xosé I.
 - Levantamentos nacionalistas checo e húngaro sofocados polo exército austriaco.
- **Italia** → Levantamentos liberais con Constitucións en distintos territorios que se misturan co nacionalismo.
 - Represión austríaca en Parma, Módena e Toscana e apoio do Papa ao absolutismo.
- Razóns do fracaso das Revolucións de 1848:
 - ✓ Mellora a crise económica e a masa campesiña teme unha revolución que a prive da propiedade.
 - ✓ Medo da burguesía ás reivindicacións do proletariado ⇒ Retorno a fórmulas conservadoras.
 - ✓ Apoio mutuo dos monarcas absolutistas.
 - ✓ Xefes militares aristocráticos controlan os exércitos e aplastan as revoltas, unidos á monarquía absoluta e aos privilexiados.
 - ✓ Contradicións internas entre os propios revolucionarios.
- Logros do 48:
 - ♦ Luis Napoleón deberá restablecer o sufraxio universal ⇒ Non hai retrocesos nas reformas.
 - ♦ Piemonte configúrase como reino constitucional e liberal, centro de organización da unificación italiana.
 - ♦ Prusia perfílase como reino centro da unificación alemana.
- 1848 ⇒ Separación de camiños entre as correntes pequeno-burguesas democráticas e o movemento obreiro, que adquire unha crecente autonomía nos planos organizativo e estratéxico.